

## **A identidade en tempos difíciles**

- "Carmen, ¡que es esto!"

A mestra arrincoulle das mans a Carme o vello libro que estaba a follear, Para ela, non eran só unhas cantas follas calquera, senón que era todo o que lle quedaba do seu pai: o seu diario. Como estaba escrito en galego xa sabía cal ía ser o destino daquel libro: a lareira. Dende que o novo réxime inundara o contorno no que vivía, aquelas páxinas foran o único que lle facía pensar que todo volvería ser coma antes. Pero dende o segundo no que aquel vello caderno con portada de coiro non estaba xunto a ela, todas as súas esperanzas, apagaranse.

Despois de que todas as miradas de noxo dos seus compañeiros da clase se cravaran nela, a profesora colleu a Carme da manga da chaqueta con forza e marchou con ela para fóra da clase. Pero Carme xa non pensaba nin no que lle ía acontecer, nin na bronca que lle ía botar a súa nai. Os seus pensamentos continuaban sumidos na última frase que lera no diario do seu: "Creo que despois dos afectos, despois do querer e da xente máis querida, ler é o máximo pracer" no significado que podería ter.

Dende que Manuel, o seu pai, cargara coas maletas e marchara, non sabía nada del Pero semellaba que na casa ninguén o botaba verdadeiramente de menos. En fin, si, sen o único salario que había na familia, tíñanse que arregrar cos poucos produtos que producía a escasa colleita que daba a horta, e alí si que o botaban en falta. Pero iso a Carme dáballo igual. O seu pai era algo moito máis para ela.

Representaba todos os valores que el mesmo lle ensinaba nas súas historias, todas escritas naquel caderno que lle acabaran de arrebatarse.

Nestes relatos, contáballe experiencias maravillosas que lle acontecieran nas súas viaxes polo Brasil e as ensinanzas que sacaba día tras día.

Contáballe que naquelas terras, para os pobos indíxenas que quedaban arredor do Amazonas, as tradicións eran cadeas que unían a cada unha das persoas da civilización facendo as raíces de cada cultura indestrutibles.

Por iso, ao contrario que agora nos arredores de Carme, o seu pai dixéralle que o seu idioma natal, tradicións e cultura representan as fortes antigas raíces do lugar de onde cada un é.

Cando Carme saíu dos seus pensamentos e levantou a cabeza para mirar onde estaba, atopábase nunha esquina daquel patio onde se supoñía que os nenos tiñan que xogar uns con outros, pero agora permanecía deserto en silencio.

E de pronto, apareceu aquela figura á que tanto medo tiña e tanto desprezaba o director da súa escola. Exclamaba: "Así que has estado leyendo la lengua de esos... don nadie..."

E, de repente, sacou unha vara e atizoulle nunha meixela, deixando unha fonda ferida, mentres Carme botaba un alarido mostrando dor.

E o director continuaba: "No te las cuenta de que estás faltando al respeto a nuestra patria..."

E Carme recibiu outro varazo, esta vez na meixela esquerda.

Sen que Carme estivese advertida, o director soltou: "Pues lo de ser una innombrable lo debes heredar de tu maldito padre".

E para a nena, con todos os varazos que recibira, este último insulto ao seu pai pareceulle máis duro. E, sen que nin a mestra nin o director o predixesen, a rapaza soltou, repetindo a frase do diario do seu pai, mais engadindo o que aprendera xunto a el nas súas historias:

-Creo que despois dos afectos, despois de querer e da xente máis querida, ler no teu idioma aprendendo sobre a túa identidade, é máximo pracer. Vostedes deberían probalo.